



**Convidadas e convidados
á triséximo sexta romaxe de Irimia
SANTA UXÍA DE LOBÁS
(O CARBALLIÑO)
14 DE SETEMBRO DE 2013**

A foto que fala



Libano: a teimuda afirmación da vida. Unha parella celebra o seu casamento no mesmo lugar onde dous días antes un coche bomba matou vinte e sete persoas.

O trasno A Romaxe do lugar inexistente

Daniel López Muñoz



Xa podíamos matarnos a buscar un mapa para indicar como se ía á Romaxe de Santa Uxía de Lobás. O señor Google negábase a localizar semellante sitio. Nisto que houbo alguén máis listo e malicioso que cambiou a estratexia de busca e escribiu *Santa Eugenia*. Alí comezaron a aparecer cousas, pero nin con esas. Tras un anaco de actividade investigadora demos coa chave: no chega con escribilo un pouco mal, hai que teclealo

completa e absolutamente mal para que Google o atope. Efectivamente, a solución foi escribir: *santa eugenia de lobanes*. E alí estaba. Así, cun par de cataplanes.

Contáronme dun crego da parte de Calo (Teo) de non hai tanto tempo, que nos avisos facía o correspondente recitado de lugares, aproveitando, de paso, para facer unha catequese nacionalcatólica de erradicación dos malos hábitos lingüísticos da freguesía, que porfiaba, na súa ignorancia, en chamar aos sitios en autóctono: Cabovila, O casal, Fixó, Solláns... E así, o señor crego, ía facendo todo un percorrido de rectificación: Cabodavía, El Casal, Fijó, Las Galanas, El Carbajal, Sollanes, La Gesta, ata que chegaba a Mouromorto, que non traducía, non se sabe moi ben por que. Para min que nese intre tiña unha inspiración profética sobre os posibles efectos futuros da tradución nos seguidores dun tal Bin Laden. Un artista o crego, un visionario.

Ao paso que imos a toponimia vai ser o depósito da memoria. Da me-

moría cultural, da lingua de vello, da identidade diferencial. Por iso é outro tesouro a gardar, preservar, respectar. A toponimia e a microtoponimia galega é infinita. Xa hai tempo que contei aquí como na parte de Cedeira estiven con pescadores de cana do lugar que tiñan un nome para cada rochedo. Un nome para cada pedra digna de nome. E había ben delas. Esas palabras hai que veneralas.

Agora que temos ao alcalde de Vigo desaforado, seguindo a pegada localista -e ben pouco afín á lingua galega- do seu mestre espiritual, Paco Vázquez. Agora que o galego non é *guai nin cool* entre as mocidades urbanas, que optan masivamente polo curuño, o viguete e o macarroso. Agora, máis ca nunca, cómpre preservar a toponimia, fondal de enxebreza, arteza que garda os nomes e os sons que algunha xeración vindeira, con mellor conciencia, decida tirar fóra do armario e decláralos, con orgullo, públicos e iguais en dereitos e dignidades. Mouromorto, dispensando, incluído.

Editorial A esperanza corre présa

A Romaxe, humilde e firmemente, convócanos á esperanza.

A esperanza cotiza á baixa, non interesa. Estamos amolados, esmáganos o peso da corrupción envolvente, da renuncia á honestidade, do discurso do final de historia, un final, ademais, triste, resignado, tecido con infinidade de egoísmos e intereses particulares.

Esta crise pode, non obstante, ser unha chamada á revisión das contrautopías que fomos aceptando, que se nos foron colando, como o máis normal, pola parte de atrás do cerebro e do corazón.

A miraxe da entrada no euro, dun confort material sen xustiza nin responsabilidade co planeta, era, en efecto, unha contrautopía. A aspiración, inoculada en vea polo *capitalismo simpático* da época das vacas gordas, de enriquecerse a toda velocidade, de abandonar para sempre a precarie-

dade, a limitación e a autocontención, era unha contrautopía cos seus falsos profetas e os seus Bárcenas, aliados, encubridores e propagandistas. O neoliberalismo é unha contrautopía xigante.

Pero a esperanza que precisamos ten que ver moito máis que ver coa construción da solidariedade, da comunidade, da igual-

dade. Unha construción lenta, imprescindible. Esa esperanza non lle debe nada ao sistema, non morre coas súas crises. Esa esperanza, incluso, encontra nas crises do capitalismo consumista un lugar de oportunidades. Encontrarse, recuperar a mirade crítica e libre, construír alternativa, celebrar o futuro mellor, un futuro que sempre está un pouco aquí, no presente.

A romaxe recupera a memoria de Inés de Sanabria, unha muller cenobita que se rebelou contra o poder patriarcal e clerical da sé compostelá. É outro símbolo que recuperamos. Unha chamada a esta Igrexa universal que apunta, co novo talante do papa Francisco, cara a un cambio esperanzador, pero que non remata de superar a materia eternamente pendente da igualdade plena de homes e mulleres. Esa cuestión é unha pexa para Igrexa no seu diálogo coa modernidade. É algo antievaxélico, por máis que se nos diga. É algo incomprendible, disque razoado desde unha dogmática conxelada no tempo; pero non, desde logo, desde a prudencia, o sentido común evaxélico nin desde unha elemental empatía coa metade do xénero humano.

A nosa esperanza non lle
deba nada ao sistema; non
morre coas súas crises

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Están tolos estes romanos... ou eran os galegos... ou se cadra os que están tolos son os da editorial Xerais. Porque hai que estar tolo para apostar pola nosa lingua. Ou se cadra non, porque na editorial Xerais seguen a apostar por estes irreductibles galos e o vindeiro 24 de outubro sairá un novo capítulo destes grandes do cómic e como non pode ser doutro xeito tamén estará na nosa lingua.

Non son moi afeccionado á banda deseñada, recoñézoo, pero a xente que sabe algo disto di que en Galicia temos bo nivel. Está ben que haxa xente creativa no noso país. Se que-

remos progresar hai que ser creativos e diso penso que a nosa terra vai ben servida.

Se seguimos a falar de tolerías eu quero destacar a dunha antiga alumna miña que decidiu cunhas cualificacións brillantes en bacharelato estudar a carreira de Filoloxía Clásica. Hai que estar moi tolo ou moi tola para facer unha carreira coma filoloxía nos tempos que corren pero como escoitei unha vez podemos vivir sen economistas pero non sen poetas. E tampouco sen debuxantes. Bendita tolemia.

1



3



2



4



A peneira

1

Os 2 **CHORROS DE LUZ** do memorial do atentado do 11-S matan as aves que buscan a escuridade, necesaria tamén para os insectos que polinizan a flora e para o descanso de tod@s. Chegáronse a contar nunha noite 1500 aves mortas contra os rañaceos de Chicago. As que emigran pérdense na luz das cidades.

2

Comeza a Liga da Costa, historiada por Lema Suárez, vivida con **QUEPASANACOSTA.COM** que defende o patrimonio da Costa da Morte. Cen colaboradores, a pé de obra, actualizan a teima, con Galinus Taller Novos Medios de Corcubión, para 4 concellos da Costa Bergantiñán... Cerqueiro é o xestor.

3

Coa primavera chuviosa, a **VENDIMA** na Ribeira Sacra necesita máis sol. Xa tiñan contratados moz@s para o San Miguel, que no 2012 foran uns 30. Cargan polas encostas uvas para producir uns 100.000 litros na "Regina Viarum". Nas Rías Baixas son uns 200 temporeiros.

4

O capital destrúe o traballo (só o 5% dos contratos de xullo son indefinidos), ameazando os **SOLDOS**, mentres inza a corrupción e os bancos penalizan o consumo cidadán con créditos un 1000 % máis caros cós que lle inxectou o estado cos cartos de tod@s.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

PROXECTO HOME atende a máis de 500 persoas nos seus centros. Estamos convidados á súa Festa da Solidariedade, o 14, en Santiago. Tamén sofren os recortes, prexudicando ós enfermos, e mesmo en Lugo tivo que cambiar o seu espazo de atención.

6

O 11, a **DIADA**, a Asemblea Nacional Catalana reivindica a independencia cunha cadea humana, a "Vía Catalá"; outras 34 cadeas de grupos na diáspora farán o mesmo. 400 km, que fan memoria das de Letonia, Estonia e Lotuania no 1989 urxindo a independencia.

7

Mentres Baiona promociona o consumo de **ALGAS** nos colexios, os bañistas desprezan o seu valor ambiental, coma alimento de peixes, aves, insectos e sostén da vexetación do mar, considerándoas lixo na praia. Cómpre unha limpeza selectiva e ecolóxica..

8

A Romaxe denuncia o desprezo pola nosa **FALA** na liturxia. Pero hoxe bendicimos a tradución a outros 19 idiomas de "Se envellecemos xuntos", o poema de Xulio L. Valcárcel, que tanto arrequece as vodas. Na foto, facendo memoria de Moncho Valcarce.

Actualidade

O convento de Herbón en compás de espera...

Manuel Dios Diz

O pasado 1 de agosto as entidades sociais que vimos desenvolvendo actividades no convento de San Antonio de Herbón (Padrón) enterámonos por un comunicado de prensa, que a comunidade franciscana do mosteiro desaparecía, logo de 600 anos de actividade presencial no cenobio. Agora todas estamos nun compás de espera, a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS), a Asociación de Nais e Pais de persoas con discapacidade intelectual da comarca do Sar (AMIPA), o Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP), Sementar, a Sociedade de Estudos Irienses (SEI) e Viravolta.



As organizacións citadas, vimos de remitir unha carta conxunta ó Ministro Provincial da Orde Franciscana en Santiago de Compostela, José Antonio Castiñeira, co ánimo de coñecer, directa e persoalmente, as razóns de tal decisión e en que situación quedan os convenios de colaboración vixentes. Tamén para trasladar a nosa solidariedade, apoio e gratitude á comunidade franciscana de Herbón, en particular, ó seu xa ex-prior, Roberto Freire, e solicitar a reconsideración da decisión xa que pon moi en perigo a pervivencia dos proxectos xa que el, co seu dinamismo e bo facer, foi parte central da sinatura dos convenios existentes, o noso mellor interlocutor, unha persoa comprometida e involucrada nos distintos proxectos sociais. E porque foi el quen máis sufriu as presións e ameazas dos que non quixeron, nin queren, que o conxunto de Herbón sexa declarado Ben de Interese Cultural porque, supoñemos, teñen outros plans para aqueles espazos magníficos á carón do río Ulla.

Claro que a Orde Franciscana ten todo o dereito a mover ós seus reducidos efectivos. Faltaría máis. Sen embargo, sorprende que, como di o vello dito, desvistamos un santo para vestir outro. En Herbón había, e hai, actividade social recoñecida, inequívoca, asumida formalmente pola Orde, valorada moi positivamente, aínda no mes de maio pasado. Mais o Pai Roberto foi o impulsor dos convenios en vigor, o seu maior sostén, sobre a base da confianza e do diálogo, coa súa humildade e dedicación. Sen a súa presenza en Herbón, todos nos sentimos un pouco orfos. Por iso pedimos a reconsideración da decisión.

- ☼ 27891 CERYO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com
- ☼ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com
- ☼ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com
- ☼ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com
- ☼ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com
- ☼ Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com



- ☼ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28
- ☼ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com
- ☼ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es
- ☼ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com
- ☼ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18
- ☼ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com
- ☼ Conde de Fenosa, 39
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86
- ☼ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com
- ☼ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aeestrada.com



En maio pasado, o provincial e o goberno franciscano en pleno, estiveron en Herbón con tódalas entidades, co Prior, e manifestaron o seu apoio ás iniciativas que estabamos a desenvolver. Tamén o compromiso de informarnos previamente a calquera decisión que puidera facer variar os proxectos existentes. Non foi así. Desde aquela, durante case que dous meses, os rumores sobre o traslado de Roberto Freire foron en aumento, ate que foi efectivo. E tivemos confirmación oficial por medio dun comunicado de prensa emitido polo goberno da provincia franciscana. Non parece a mellor maneira de trasladarnos unha decisión dan relevante.

O debate sobre si Herbón está ou non pechado carece de sentido. Os feitos cantan. No convento xa non hai frades. Podemos chamarlle como queiramos mais a comunidade franciscana de Herbón deixou de existir realmente o pasado día 1 de Agosto. E ningunha das entidades sociais que alí estamos sabemos a que aternos, en que condicións imos seguir desenvolvendo as nosas actividades, quen é a persoa responsable e interlocutor, quen atende, controla e vixia o recinto, as instalacións e os recursos, en que horarios, como afecta ós convenios en vigor.

Por iso, o pasado Sábado, conxuntamente, remitimos unha carta ó provincial, Sr. Castiñeira, solicitando unha reunión urxente con todas as entidades. Este luns fixémola pública. Confiamos en que sexa posible antes de que remate o verán pois, en setembro, queremos ter tódalas dúbidas despexadas.

Diversas conversas telefónicas co Provincial apuntan a que teremos reunións bilaterais en breve. Son necesarias, imprescindibles, para clarificar a situación, desfacer entortos, analizar polo miúdo a situación e os convenios, pero a conxunta, tamén. Ogallá todo volva a normalidade. Debémosllo, sobre todo ,ó Pai Roberto.

Ministro Provincial

Jose Antonio Castiñeira Chouza
Goberno da Provincia Franciscana de Santiago
Convento dos Pais Franciscanos Campiño de San Francisco, 3
15075 Santiago de Compostela



O CARRABOUXO por ROBERTO LOIS



Política A clave de Bóveda

Daniel López



Cada 17 de agosto lembramos a Alexandre Bóveda, republicano do partido galeguista, artífice do estatuto do 36, un católico atípico e consecuente, fusilado polos sublevados franquistas. Alexandre é moi especial para Irimia. Na arquitectura clásica, a clave das bóvedas é a doela que se coloca no último momento, no centro, a que sostén o conxunto e fai posible a beleza e a resistencia. A vida e a morte de Bóveda, Alexandre, foi unha marabillosa obra de arquitectura humana. Tamén coa súa clave.

Unha longa viaxe

O 16 de agosto de 1936, Alexandre Bóveda é visitado pola súa muller Amalia e os seus fillos na Escola Normal de Pontevedra, feita prisión polos militares sublevados. A sentenza de morte, para ser executada ao día seguinte, fora redactada polo Comandante Militar ese mesmo día. Bóveda, consciente, despídese con serenidade dos seus rapaces: “vou facer unha longa viaxe”.

A longa viaxe comezara anos atrás. Foi a viaxe da lenta construción da coherencia interior. A fin do traxecto, aquel agosto do 36, poden resultar desconcertantes para quen mire

a actitude de Bóveda anticipa debates suscitados pola teoloxía da liberación

a realidade desde unha “fundamental” de prexuízos, opinións fáciles e tópicos ao uso sobre o correcto e o incorrecto, o normal e o anormal. Un deses preconceptos é a suposta fenda insuperable entre os republicanos arredor da Fronte Popular -que na mentalidade esquemática “deben ser ateos e ateístas” -e os católicos- que “deben” apoiar os fascistas sublevados.

Bóveda esfarella o guión. Efectivamente, que fan nesa película os que matan “no nome de Deus”, do Deus Católico, Apostólico e Romano, condenando e executando en 24 horas a Alexandre Bóveda? Non era acaso a Gran Coartada daquela funesta carnicería a necesidade de eliminar os inimigos da Fe mediante unha Nova Cruzada? Como se pode eliminar a Bóveda no nome de Deus? De que Deus? Bóveda, tamén, esfarella a coartada mentireira.

Unha lenta construción interior

Poderíamos ir rastrexando os vimbios que teceron a intelixencia, os afectos, as crenzas de Alexandre Bóveda, pois somos un produto social. Calquera graza que veña do alto, virá descalciña pola area, sen ruído, mediante a marabillosa mediación desa rede de afectos e sabenzas que nos constitúe como persoas. Da nai e, despois, do pai, da contorna inmediata, desta educadora, daquel veciño... todo un traballo de oleiría colectiva, feito neste caso con boa arxila.

E algo terían que ver a coral Ruada, o Remedios F.C., os salesianos de Ourense, unha carreira no servizo público (un funcionario mártir, vaia por Deus, outra anomalía), o museo de Pontevedra, unha nacente Caixa



de Aforros –con vocación de tal-, a sociedade filharmónica –Alexandre, tenor-, os faladoiros no Méndez Núñez con Castelao, Losada Diéguez... unha compañeira na andaina, Amalia, e un partido galeguista cheo de mocidade e utopía. E tamén o alumiño nutritivo e estimulante de palabras que dan vida e aire aos corazóns: “perdoade setenta veces sete”; “felices os que constrúen a paz”; “o que entrega a súa vida, gáñaa”; “quen queira ser o primeiro, que sexa o servidor de todos” ...

A clave

Ter 33 anos, ser fillo de carpinteiro, morrer de morte matada a mans dun improvisado consorcio político-relixioso-militar e facelo perdoando os asasinados e “confiando en Deus”, sonche ben coincidencias. Por máis que un queira escaparlle ás mitificacións e aos personalismos, a lectura das cartas últimas de Bóveda antes de inminente execución e as actitudes nese preciso contexto, emocionan, sorprenden e suxiren.

Podería escandalizar a soidade na que a Igrexa – franquista e postfranquista- deixou a Bóveda. Pero sorprenderse por iso sería non entender ben o sentido dos conflitos do Galileo e do Galego. En ambos os casos

imponse o cinismo do Templo: “era preferible que morrera un home polo pobo a que perecese toda a nación”, disque resumía Caifás. Algo parecido dirían alguén do Alexandre.

A execución de Xesús o Galileo, foi o desenlace dun conflito entre o poder do Templo e as actitudes e a proposta do de Nazaré. Unha proposta de fraternidade radical como único absoluto e de sacramentalidade do pobre (o oprimido como rostro e clamor de Deus). A vivencia da fe nun Deus próximo e esencialmente amoroso, paterno, materno, fondal de tenrura, e xa nunca máis poderoso

to menos á Igrexa-, senón a un desafiante Reinado, un futuro-presente, unha mesa común onde os oprimidos ocupan o lugar preferente. É o profundar nos mellores soños compartidos pola humanidade. Implica, ademais, espetarlle na cara ao poder do Templo que a clave está noutro sitio e que o seu tempo xa pasou: xa abonda de “sábados” e outras andrómenas, normas e xugos absurdos; o que conta son as viúvas e os orfos, os sen voz, os malditos e as nacións oprimidas. Eles son a presenza do único Deus que vale a pena. “O que non fixestes a un destes....”

vive con absoluta coherencia a aposta radical pola Fraternidade

so e xusticieiro, resólvese na práctica vital como unha fame apaixonada de Fraternidade. A inxustiza aturada por persoas e pobos, a dor das vítimas, a non-fraternidade -bendicida polo Templo e polo Imperio-, é un clamor que chama a actuar, curando, liberando, dando vista e esperanza, sentido e dignidade.

Que se faga o ben, fágao quen o faga. Non hai un monopolio sobre o ben. Tampouco relixioso. Os mellores teólogos insisten: Xesús non se predica a si mesmo, nin sequera a Deus -e moi-

A vivencia

O marabilloso da experiencia de Bóveda é que esa enorme coherencia coas actitudes básicas do de Nazaré, desenvólvese desde unha naturalidade, unha sobriedade e unha laicidade que desconcerta a propios e estraños. Por iso rompe esquemas. Bóveda podería poñerse en liña coa simpleza dunha banda ou coa simpleza da outra e non complicar o esquema, a liña divisoria. Non o fai. É connatural nel a síntese entre fe cristiá e galeguismo republicano (decantado,

Política A clave de Bóveda

Daniel López



importante matiz, a prol da esquerda da Fronte Popular). Podería renegar de algo. Non o fai. Tamén podería explotar os evidentes paralelismos, sobreactuar, facer apoloxía da súa condición de católico practicante, e venderse como un santo *in pectore*, convertedor e apoloxeta. Tampouco o fai, por suposto.

Bóveda xa as tivera cos católicos “de pro”. E ben duras. Despois da revolución de outubro do 34, unha boa parte dos católicos do partido galeguista, precisamente os máis influídos polo estamento clerical, crean a Dereita Galeguista, asustados pola polarización da sociedade republicana e presionados pola xerarquía católica. Arrédanse do Partido Galeguista que xa camiñaba cara a unha unidade electoral arredor da Fronte Popular. Con gran pesar para Bóveda e Castelao, xeran un debate que rompe coa neutralidade relixiosa do partido e terminan esgazándoo. Era a longa man do Templo.

Para un católico como Bóveda ese movemento de Filgueira e doutros é especialmente doloroso. Anticípase un debate que só se formulará moi posteriormente, á luz da teoloxía da liberación latinoamericana e da teo-

loxía política de Metz. Debe a Igrexa seguir un modelo de “presenza forte”; de creación de grandes institucións propias, de acceso directo ao poder político mediante a creación de partidos “proprios”; etc...? Ou máis ben debe ser unha comunidade de comunidades, onde a influencia na sociedade por fin laica e emancipada se faga a través da actuación e o compromiso persoal dos cristiáns, sen pretender “reconquistar” parcelas de poder coa “etiqueta católica”? Bóveda non dubida. Decide incrementar o seu compromiso co galeguismo republicano, ser un máis, pequeno lévedo na masa.

debeu escoller, decidirse, entre actuar como Xesús ou ser un “bo católico”

A decisión

A sobriedade relixiosa e a afouteza de Alexandre Bóveda no momento decisivo parece derivar precisamente da súa connaturalidade co esencial do vivir e do actuar do Xesús histórico. Esa era a clave. Sen sobreactuar, “ser-para-os-demais”. Chegado aquel punto, teño para min que Alexandre estaba farto de tanta impostura dos que se tiñan por máis católicos. Coma o de Galilea, Alexandre non

está preocupado por reforzar unha presenza institucional do Templo, do nacional catolicismo, que converta a confesión dunha determinada Fe nun motivo de autoafirmación sectaria e de permanente e crispada loita polo poder social, convertendo o medio (a Igrexa) en fin en si mesma. A Bóveda preocúpalle, en troques, a gran causa, unha sociedade nova, a unidade de todos e todas, crenes e non crenes, o sumar no proxecto común, a organización das nosas forzas autóctonas para sermos unha sociedade máis igualitaria, reconciliade e liberada.

Tampouco Bóveda, en tanto que persoa sobriamente crente, non se predica a sí mesmo, nin a Deus, nin a Cristo, nin a Igrexa... pero morre por algo moi na liña do soño de Xesús o de Nazaré, e confiado nun Misterio que intúe como acollida agarimosa, un lugar, escribe á súa muller Amalia, no que “sentirei ledicia e satisfacción”. Bóveda, xa que logo, entendeu perfectamente que a cousa non consistía en dicir “Señor, Señor”. Limitouse e vivir con absoluta coherencia a aposta radical pola Fraternidade. Chegados a unha situación límite debeu escoller, decidirse, entre actuar como Xesús ou ser un “bo católico”. E escolleu o primeiro, sen ruído, para morrer como corresponde, de morte matada,

ao xeito daquel taumaturgo e profeta galileo que pasou facendo o ben, curando, organizando con paciencia a un grupo de “idealistas”, dando moita esperanza aos desposuídos, mediante sinais e parábolas fonda e tenramente revolucionarias.

Velaí, pois, a clave de Alexandre Bóveda, esa decisión paradoxal, pero recorrente e fundamental, na vida de calquera crente laico e adulto, en todo tempo, en todo lugar.

Con este artigo, Calo Iglesias comeza unha fermosa narración de sete estacións nas que reflexiona sobre a función profética na evolución relixiosa da humanidade. Calo achéganos ao auténtico significado da profecía ademais de facer unha semblanza de varios profetas



Nas terras da antiga Palestina (na lingua hebrea, *Pelishi*) foi asentando un pobo que consideraba a Yahvé o seu Aliado. Comandados por este Yahvé Sebaoth guerreiro, os palestinos pelexaron con éxito contra diversos pobos dirixidos por outros deuses, aínda que ás veces foron sometidos polas potencias imperiais e mesmo escravizados, lonxe da súa terra.

Ao longo desta historia, para eles sagrada, o pobo palestino foi, ás veces,

Os Profetas verdadeiros denuncian as políticas e prácticas sociais abusivas

fiel á Alianza con Yahvé, pero outras infiel. Yahvé irá suscitando Xuíces e Profetas, que tentarán conducir ao pobo polos camiños da fidelidade. Algúns destes persoeiros escribirán os acontecementos deste camiñar. Despois do ano mil A.C., van aparecendo Libros considerados Sagrados, xa

que afirman transmitir a Revelación Divina, é dicir, as recomendacións e ameazas, os castigos e promesas que Yahvé fai ao seu pobo. Entre estes escritos, contan os Libros dos Profetas.

A palabra hebrea para denominar a un Profeta é *nabí*. Son varios os significados atribuídos a este termo.

- “Fervoroso”: O calor da Revelación Divina converte ao Profeta nunha persoa ardente, que ferve.

- “Mensaxeiro”: Yahvé fala pola boca deste seu enviado.

- “Chamado”: Yahvé chama ao Profeta para que transmita a súa palabra.

Outras palabras hebreas son: “*Rahe*”, que alude a un pastor que coida do pobo de Deus. “*Chose*”, vidente, que ve o que Deus lle amosa.

Todos os Profetas séntense posuídos por Yahvé; están sincera e apaixonadamente convencidos da autenticidade da súa vocación. Non poden escapar de Yahvé, aínda que o intenten (caso do Profeta Xonás). A súa forza é a palabra que o Señor lles comunica; palabra coma ruxido de león (Am.

1,2); gozosa e alegre (Xer. 15-16); dura e esixente, convertida nun lume ardente (Xer. 20,9). O Profeta é tamén una persoa ameazada, inxuriada. A Oseas chámalle tolo; de Xeremías din que é un traidor á súa patria...

Pero tamén hai profetas falsos. Uns son simples fala barato; outros son

arribistas que procuran quitar proveito, arrimándose aos poderosos; outros son funcionarios de carreira sempre dispostos a defender os seus privilexios.

As diferenzas entre Profetas verdadeiros e profetas falsos son claras:

- Os Profetas verdadeiros golpean na conciencia da xente e chaman ao arrepentimento, á conversión. Os falsos adurmiñan a conciencia do pobo para que sega no seu pecado.

- Os Profetas verdadeiros denuncian as políticas e prácticas sociais abusivas. Os falsos lexitiman todo, coa pretensión de dar un aval relixioso á inxustiza e aos intereses creados polos poderosos.

- Os Profetas verdadeiros denuncian a hipocrisía dun culto relixioso sen xustiza e alento espiritual; os falsos apelan a unha liturxia de ostentación, marxinando a xustiza e a espiritualidade.

- Os Profetas verdadeiros denuncian a violencia e o recurso á forza; os falsos confían unicamente nas armas e xustifican a violencia.

- O Profetas verdadeiros non desfigurán a realidade do pecado; os falsos inventan eufemismos e metalinguaxes para agochar a realidade da inxustiza e da violencia.

Os Profetas verdadeiros acusan a pesadume da misión recibida. Xeremías está a piques de abandonar. Ezequiel síntese posuído de amargura e furor... Os Profetas non levan unha vida cómoda, sofren persecucións, cadeas, morte... Pero o Espírito que habita neles sempre os conduce a remansos de paz. Xeremías síntese escollido desde o ventre da súa nai e fala de sedución. Ezequiel nota a man que repousa sobre el. Yahvé sempre leva a iniciativa, é providencial, domina e calma á persoa do Profeta.

O noso taboleiro

Victorino Pérez Prieto

O adeus a Herminia, unha monxa galeguista e feminista



Herminia participou activamente nas Romaxes dende a primeira edición

O 31 de xullo morría en Santiago de Compostela Herminia Estoa Bousa, Mini. Pode que ás/aos lectores da nosa revista non lles resulte moi sorprendente a traxectoria vital desta muller, mais cómpre salientar que é difícil atopar unha persoa que reúna as súas características e o seu compromiso na nosa Igrexa. Secretaria da Asociación de Irimia nos seus primeiros momentos, impulsora da Romaxe dende a súa 1ª edición, participou animosa desde os seus comezos no movemento de galeguización dunha Igrexa “en Galiza” que non acaba de ser “Igrexa galega”.

*Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.*

*Dios santo premita
que aquestes cantares
de alivio vos sirvan
nos vosos pesares;
de amable consolo,
de soave contento
cal fartan de dichas
compridos desexos.*

(Rosalía de Castro,
“Cantares gallegos”)

Coa dor aínda ben viva en Compostela polas mortes da curva de Angrois -un absurdo accidente froito da mestura entre imprudencias e recortes

asasinados en seguridade ferroviaria que afogou, na dor polos preto dos 80 mortos, a ledicia das festas compostelás e as manifestacións do día da patria-, a gaita soaba melancólica na igrexa da Compañía de María, a carón do vello edificio da Universidade compostelán, co son do himno do antigo Reino de Galiza para dicirlle o derradeiro adeus da familia, irmás de congregación e numerosas amigas e amigos a unha monxa atípica: Herminia Estoa Bousa. Inmediatamente antes, a comunidade reunida para a

Loitou pacificamente fronte ao patriarcalismo machista da súa Igrexa que lles quixo sempre impor a vontade dos varóns

celebración funeral concibida coma “Eucaristía de acción de grazas pola vida de Herminia”, erguíase para escoitar os emocionantes versos de Rosalía, que tanto amaba esta monxa; versos coma os do comezo destas letras e outros definatorios como estes:

*Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare.*

Os versos reflectían naquel intre emotivo o amor por Galiza e a súa lingua

que manifestou Herminia toda a súa vida, consonte cos versos da poetisa galega por antonomasia, demasiadas veces “estranxeira na súa patria” coas xustas verbas de Paco Rodríguez:

*“Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante
na lingua que eu falo”*

Porque Herminia, como pacífica militante galeguista, que levaba a cultura galega moi dentro do corazón e da cabeza, participou animosa desde os seus comezos no movemento de galeguización dunha Igrexa “en Galiza” que non acaba de ser “Igrexa galega”, como recoñecín no meu libro *Galegos e cristiáns*. Fíxoo salientablemente colaborando coa Asociación Irimia, sobre todo nas súas Romaxes de Crentes Galegos, ás que foi fiel asistente e sufriu polas incompreensións e persecucións que tivo que padecer esta romaría atípica por parte da xerarquía galega e os elementos máis reaccionarios Igrexa. Mini participou neste compromiso con outras irmás monxas; algunhas chegaron mesmo a participar nas organizacións políticas nacionalistas.

Pero Herminia, tamén coma outras monxas, foi ademais unha muller feminista. Loitou pacificamente fronte ao patriarcalismo machista da súa Igrexa que lles quixo sempre impor a vontade dos varóns; e reivindicou a propia identidade e o posto de igualdade na Igrexa. Mª Xosé Queizán, chamounas xustamente “compañeiras na causa do feminismo”.

Grazas Mini, María, Pilar e tantas irmás da Compañía de María en Galiza.



Benquerida lectora, benquerido lector: Ben o saberás por experiencia: a nosa vida precisa de momentos de ledicia e festa onde o traballo, as preocupacións e as responsabilidades pasen a un segundo plano. Precisamos tamén festexar as cousas boas que nos acontecen: festexar que temos amigas e amigos, que hai xente que nos quere e que se preocupa por nós. Festexar, como escribiu hai anos o noso amigo Manuel María e cantan os nosos amigos de A Quenlla, que “a vida é moi fermosa, aínda que hai homes cos beizos emporcados en verbas de falsía”

Pois ben, dende a Asociación Irimega dende van aló 36 anos, cada segundo sábado de setembro axuntámonos para facer festa.

E que festexamos?

Festexamos e agradecemos a fermosura da nosa Terra, e por iso buscamos para cada Romaxe un paraxe natural do noso Patrimonio. E a festa e a gratitude lévannos á loita e o compromiso na defensa da Natureza.


Festexamos e agradecemos todas as historias de Ben, de Tenrura, de Xustiza, de Solidariedade que hai na vida

das nosas xentes, e por iso nos textos da Romaxe sempre hai referencias ás mellores loitas de Ben que acompañaron e acompañan o camiñar do noso Pobo. E a festa e a gratitude lévannos ao Compromiso en favor de todas as causas que seren dignidade, humanidade en Galicia e no Mundo.

Festexamos e agradecemos a presenza do Deus da Vida no medio das nosas vidas pequenas e fráxiles, e por iso na nosa Celebración sempre lle damos a palabra a Xesús de Nazaré para que nos siga animando a pasar pola vida sendo xente apaixonada por Deus e polo Pobo tal e como El o foi. E por iso a nosa Celebración quere ser sempre a festa da Fe e da Galeguidade.

Velaí van, pois, 35 anos de Festa e de Loita, 35 anos de Fe e Galeguidade. E agora imos a pola trixésima sexta na fermosa paraxe de santa Uxía de Lobás. Fermosa paraxe con entrañables historias de loita pola dignidade e a xustiza. Apúntaste? Alí te esperamos.





IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíaio ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: APELIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
 TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 25 €
 De apoio: 40 € Subscrición anual (22 números)
QUERO SER 60x100: 60 €

DOMICILIACIÓN
 BANCO OU CAIXA E AFORROS:
 DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
 CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
 Nº de CONTA: ____ / ____ / ____ / ____

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 201___.
 Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
 Conta: NOVACAIXAGALICIA: 2080-0349-85-3040005822

IRIMIA

**Convidadas e convidados
 á trisécimo sexta romaxe de Irímia
 SANTA UXÍA DE LOBÁS
 (O CARBALLIÑO)
 14 DE SETEMBRO DE 2013**

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscricions@asociacion-irimia.org
 Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓNS:** Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

Boa Nova



**DOMINGO 8 DE SETEMBRO.
XXIII DO TEMPO ORDINARIO**

Lc 14, 25-33

Nunha ocasión que seguía a Xesús moita xente, volveuse a eles e díxolles: "Se alguén me quere seguir e non está disposto a romper con seu pai e con súa nai, coa muller e mais cos fillos, cos irmáns e coas irmás, e incluso coa súa propia vida, non pode ser discípulo meu. O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu. Pois quen de vós, querendo construír unha torre, non se para a pensar no orzamento, a ver se a pode rematar? Non vaia ser que bote os alicerces e non a dea rematado e a xente que o vexa faga riso del, dicindo: "Este empezou a construír e non deu rematado". Ou que rei, que sae á guerra contra outro, non se senta primeiro a cavilar se lle chegarán dez mil homes para loitar contra vinte mil? E, se ve que non, cando aínda o ten lonxe, mándalle unha embaixada, pedindo condicións de paz. Pois así, como non renunciades a todo o que tedes, non hai de vós quen poida ser discípulo meu".

A PALABRA

A CLAVE

Vén Xesús de comer un sábado na casa dun xefe dos fariseos onde falara sobre o Reino de Deus para un pequeno grupo de escolleitos convidados. E de seguido Lucas sitúao seguido por moita xente. Semella que a mensaxe de Xesús comeza a ter éxito, que as/os seus seguidores se multiplican. E ante esta multitude, camiño de Xerusalén, Xesús explica a toda aquela multitude o significado de sermos os seus discípulos.

Para se converter nun seguidor de Xesús, debe primeiro romper coa súa familia. A tradución galega da Biblia optou por romper, mais do verbo grego *mesei* tamén atopamos traducións como odiar ou máis frecuentemente, aborrecer. Un punto de partida tallante que parece entrar en contradición co mandamento de honrar a teu pai e a túa nai, o que leva a outros por optar por unha tradución de preferir ou pospor. O que parece que Xesús nos está a dicir é que o seu seguimento comporta un compromiso que entrarán en contradición cos valores sociais e familiares que rexían o mundo xudeu do s. I, mais que dun xeito análogo acontece na nosa sociedade.

Camiño de Xerusalén Xesús fala de que quen queira ser o seu discípulo que cargue coa súa cruz. O que hoxe pode ser considerada unha metáfora, cobraría outra dimensión para todas aquelas persoas xudías que estaban onda el e que sabían que a crucifixión era o castigo máis duro, a morte máis atroz, que se practicaba na Palestina romana. O seguimento de Xesús, pois, era o máis afastado dese mesianismo liberador, dese movemento triunfante, que moitos agardaban. O Reino que Xesús vivenciaba íase facer posible nese camiño que o conducía á cruz.

Sen abandonar as parábolas, Xesús cuestiona aos seus ouvintes se son conscientes do que supón o seu seguimento. Mais, a continuación, el mesmo se responde: só quen estean dispostas a renunciar a todo poderán ser os seus discípulos. Unha renuncia que vai alén do estritamente económico, até abranguer o apego a todas as cousas, ideas e mesmo a imaxe que un se forma de si mesmo, para poder abrazar totalmente a Deus e o seu seguimento.

J. A. Martínez

ECO

Setembro. Mes de inicio do curso escolar. A volta das vacacións vén unida de novos propósitos. Este ano farei un pouco máis de exercicio, aprenderei inglés, formareime no que máis me gusta, apuntareime en pilates, ou iniciarei unha das coleccións de fascículos que inundarán a publicidade e os kioscos. "Quen de vós...?".

Falando da lingua

Lidia e Valentina

O Conto do verán: os osos/ósos teñen presa/présa



Quen o pillara! Tamaño churrasco de carne de oso!

A rapaza é madrileña de pais galegos e, despois de botar xullo e agosto na terra dos proxenitores, comeza setembro na escola privada da capital e cóntalles que na casa dos avós comeu moita “carne de oso”...- “Ay que curiosos tus familiares gallegos que comen osos!”- dille a mestra á nai

da criatura. Esta docente da capital nada sabe dos idiomas da periferia e menos de galego, e non maxina que a nena imitou á súa curmá galega -que ten os seus mesmos cinco anos- e que lle chama “carne de óso” á costela que é habitual en todos os churrascos que a familia fai adoito na época estival.

Mesmo aínda que a mestra aprendese o que significa “óso” seguramente non sería quen de pronunciarlo diferente de “oso”, algo que xa lle custa moito traballo á curmá galega desde que vai á escola! Curioso sistema educativo que temos no que o alumnado seica ten que saír dominando os dous idiomas oficiais, pero a realidade móstranos que a maioría que -nas áreas urbanas ou periurbanas- entran sendo galegofalantes, déixano de ser de tal xeito que ata esquecen que souberon diferenciar entre óso (aberto: o que conforma o esqueleto) e oso (pechado: animal), ou entre présa (aberto: apuro) e presa (pechado: carente de liberdade), ou entre póla (aberto: rama) e pola

(pechado: galiña nova ou contracción de por+a).

En galego hai sete vogais e, se as hai, é porque nos fan falta. Igual que non é o mesmo “mesa” ca “misa”, só por mudar unha vogal, tampouco son o mesmo dúas palabras que se escriben igual pero unha pronúnciase con vogal aberta e outra con vogal pechada. A tradicional frase dos que nalgún momento da súa vida estudaron o til diacrítico en galego: “Vai a pola pola póla”, xa nos custa traballo explicarlle á xente nova que non distingue “polas” de galiñas e que só coñece “ramas” na árbores.

O caso é que corre moita “présa” traballarmos tamén en prol da lingua para recuperar a esperanza, que neste momento está “presa” do desánimo. E sen caer nel, queremos pechar insistindo na importancia do noso sistema vocálico exemplificando coa seguinte escena:

A nena do conto dille á mestra que leu por aí “*A esperanza corre présa*” e esta igual chama á policía se pensa que “*Esperanza corre presa*”...

O Fachineiro dos depredadores

Mielina

En Irimia temos de todo. Hai optimistas irreductibles coma Martínez que me fan lembrar aquela frase do arcebispo de Chiapas -Samuel Ruíz- cando en tempos ben duros por aquelas terras lle preguntaron se era optimista. El respondeu “Son cristián. Como non vou ser optimista?” E logo estamos os pesimistas ben informados coma este fachineiro. Así que nunha mesa de redacción xa temos os nosos yin e yan. Resulta difícil ser optimista lembrado unha imaxe deste verán galego, cando Carlos Slim, o home máis rico do mundo, antes de subir ao Rolls que o ía levar ao aero-



porto de Vigo, onde o agardaba o seu jet, dedicou uns minutos a gabar os necesarios recortes de salarios dos traballadores e traballadoras. Un caso similar ao que lle afearon ao comisario Oli Rehn (por certo, é finlandés, deses que encabezan o informe PISA, que mide lectura e mates pero non solidariedade), cando lle dixeron que hai xente que gaña o que el gasta en dúas ceas. A pregunta que se formula este fachineiro é a seguinte: a xentiña coma esta ou coma a que desbalde miles de euros en confetti de aniversario, terá mielina recubriendo os seus enlaces neuronais ou será un xel con base de caviar?

A.Q.